

## RESOLVO:

Primeiro.—Someter a información pública, no prazo de quince días hábiles, contando a partir da publicación da presente resolución, o estudio de efectos ambientais do proxecto de prolongación do dique de Cedeira, sito no concello de Cedeira (A Coruña) e promovido pola Dirección Xeral de Obras Públicas, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Segundo.—Para os devanditos efectos informativos, porase a disposición dos administrados, exemplares nas seguintes dependencias:

—Secretaría Xeral da Comisión Galega do Medio Ambiente.

—Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública (Comisión Provincial de Medio Ambiente) da provincia da Coruña.

—Concello de Cedeira.

Terceiro.—As alegacións formularanse durante o dito prazo de quince días.

Cuarto.—Unha vez rematado o mencionado prazo, remitirase o expediente coas correspondentes alegacións á Secretaría Xeral da Comisión Galega de Medio Ambiente.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 1994.

José Luis Aboal García-Tuñón  
Secretario xeral da Comisión Galega do Medio Ambiente

## CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

*Corrección de erros.—Resolución do 18 de xaneiro de 1994, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se abre información pública para a autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 52.867).*

Advertido erro no DOG nº 19, do 28 de xaneiro do presente ano, cómpre efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 446, onde di: «Motor-xerador de fuel-oil de 4.000 mVA...», debe dicir: «Motor-xerador de fuel-oil de 4 mVA...»

*Resolución do 27 de xaneiro de 1993, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización administrativa, declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 51.706).*

Visto o expediente incoado pola empresa Unión Eléctrica-Fenosa, S.A., con enderezo na r/ Severo Ochoa

nº 2, 15008 A Coruña, para a autorización administrativa, declaración de utilidade pública e aprobación do proxecto de execución da instalación que segue:

—Dúas liñas eléctricas aéreas a 20 kV, unha de 417 m de lonxitude, orixe na liña Santa Mariña-Mañón e centro de transformación de intemperie de 50 kVA que se instalará no lugar de Loureiro, e rede de baixa tensión a 380/220 V de 600 m de lonxitude deste centro de transformación; e outra de 20 m de lonxitude, orixe liña ó centro de transformación Apartamento e centro de transformación de intemperie, de 50 kVA que se instalará no lugar de Alderete, no concello de Valdoviño.

Cumpridos os trámites ordenados nos capítulos III e IV dos decretos 2.617 e 2.619/1966, do 20 de outubro, sobre autorización e expropiación forzosa de instalacións eléctricas, esta delegación provincial resolveu,

Autorizar, declarar de utilidade pública e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan nos expedientes.

A Coruña, 27 de xaneiro de 1993.

Juan Ignacio Lizaur Otero  
Delegado provincial da Coruña

*Resolución do 13 de setembro de 1993, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 157/1993 A.T.).*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de instalación dunha liña de media tensión, un centro de transformación e rede de baixa tensión, que ten as seguintes características especiais:

Peticionario: Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.

Lugar no que se vai establece-la instalación: desde a L.M.T.S. subestación Mourente-residencia Montecelo ata o centro de transformación que se proxecta na Avda. Montecelo, concello de Pontevedra.

Finalidade da instalación: mellora-lo servicio eléctrico na zona.

Características principais: liña de media tensión subterránea, a 10/20 kV, de 15 m de lonxitude, con conductores R.H.V. 3 (1×150) mm<sup>2</sup>.

Un centro de transformación de 250 kVA, relación de transformación 10.000/20.000/380-220 V.

Rede de distribución en baixa tensión de 470 m de lonxitude.